

# OS MIGRANTES

Texto de MARCELO SIMONETTI

Tradución de IAGO NICOLÁS

Ilustracións de MARIA GIRÓN

Encadernado en cartón. 24,5 x 21,5 cm. 40 páx. 16 €

[Os migrantes](#) (galego)

ISBN 978-84-1343-251-9. Álbum ilustrado. Demademora.

[Los migrantes](#) (castelán)

ISBN 978-84-1343-252-6. Álbum ilustrado. Obras de autor/a.

[Els migrants](#) (català)

ISBN 978-84-18558-77-1. Àlbum il·lustrat. Obres d'autor/a.

[Immigranteak](#) (euskara)

ISBN 978-84-9172-354-7. Album irudidunak. Egile lanak.

[Os migrantes](#) (português)

ISBN 978-989-749-173-3. Álbum ilustrado. Obras de autor/a.

[I migranti](#) (italiano)

ISBN 978-84-1343-239-7. Álbum ilustrado. Obras de autor/a.

*No mesmo momento en que a profesora Alicia dixo que íamos ter na clase dous migrantes, soou o timbre e nós corremos fóra da aula. Queríamos chegar á casa o antes posible. A avoa fixera chocolate quente, e a nós encántanos. Poderíamos comer esa merenda toda a vida. E repetir sempre. Mais o anuncio da profe Alicia non deixaba de darnos voltas na cabeza...*

**Un orixinal achegamento á diversidade, afrontando o descoñecido con humor e intelixencia.**

O anuncio da mestra sobre a incorporación de dous migrantes non frea o desexo dos protagonistas de chegar axiña á casa para tomar a súa merenda favorita. É daquela cando empezan a intercambiar hipóteses sobre o significado daquela misteriosa palabra. Dende o descoñecemento, a inocencia e a curiosidade, estes dous irmáns trazan ideas entre o lúdico, o comestible e o doméstico, desenvolvendo argumentos baseados na *lóxica* infantil que suscitan graza e tenrura.

Pero, coma unha metáfora da sociedade actual que rexeita a poboación migrante, a ignorancia deriva en desconfianza, do interese inicial pasan ao medo e os pensamentos negativos furan na mente dos nenos. Ao día seguinte, no seu retorno á aula —acaso o absentismo non é casual, senón a reacción das familias ao contacto cos recién chegados— atopan dous novos compañeiros chegados dende un país lonxano cos que pronto traban amizade.

Esta historia de Marcelo Simonetti é unha invitación a derrubar prexuízos e estereotipos, mudar a relación co fenómeno da migración abordando o encontro co diferente a través da humanidade e da empatía, cunha mirada limpa e libre de estigmas. Cunha poderosa carga ética e simbólica, as ilustracións de Maria Girón destacan polo seu realismo, beleza e colorido, pola expresividade e o dinamismo dos personaxes.



- **Temática:** a mirada da infancia cara ao diferente.
- **Idade recomendada:** a partir de 6 anos.
- **Aspectos destacables:** escola, migración, diversidade, convivencia, amizade, imaxinación, emocións, multiculturalidade; da autora de «[Bim Bam Bum](#)» (XVII Premio Compostela), «[Cinco ratiños](#)» e ilustradora de «[Miña Guía, meu Capitán](#)» (Premio Fundación Cuatrogatos 2021, selección IBBY 2023), «[Cos brazos abertos](#)» e «[Paraules de caramel](#)» (KALANDRAKA).
- **Avance do libro:** <https://issuu.com/kalandraka.com/docs/os-migrantes-g>

## Marcelo Simonetti

(Valparaíso, 1966)

Escritor e xornalista chileno, traballou en revistas como Sábado e Caras, no diario El Mercurio e na televisión estatal do seu país. Entre a súa produción literaria hai novelas, contos e álbums ilustrados. Recibiu varios premios en Chile (Municipal de Santiago, 2003; Melliores Obras Literarias, 2014; Marta Brunet de Conto, 2019; Mostra Nacional de Dramaturxia, 2020) e España (La Felguera de Relato Curto, 1999; Casa de América de Narrativa Innovadora, 2005), entre outros recoñecementos. A súa obra tamén foi distinguida na selección Cuatrogatos. É promotor do podcast [Tilde](#), onde entrevista a escritoras e escritores. <https://www.instagram.com/simonettister/>

## Maria Girón

(Barcelona, 1983)

Estudou Belas Artes na Universidade de Barcelona, completou a súa formación en Boloña e Sevilla e, de volta na Cidade Condal, especializouse en ilustración na Escola Llotja. Ilustrou numerosos libros que foron traducidos a distintas linguas. En 2024 recibiu o XVII Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado por «Bim Bam Bum». En 2010 foi seleccionada pola Feira Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Boloña para participar nunha exposición colectiva sobre Gianni Rodari. Para esta mesma feira volveu colaborar, en 2017, na mostra dedicada á cultura catalá. <https://www.instagram.com/mariagiron.lou/>

